

ÁLVARO CUNQUEIRO E EDUARDO LENCE SANTAR: UN EXEMPLO DE PLASMAFÉRESE ETNOGRÁFICO-LITERARIA

Armando Requeixo

IES de Catoira

doi:10.17075/mucnoc.2014.051



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Tense insistido reiteradamente na inequívoca pegada que os modos propios da narrativa de tradición oral deixaron na escrita de Álvaro Cunqueiro. Repetiuse, por activa e por pasiva, que o mindoniense se serviu das técnicas definitorias do relato oral para, convenientemente transvasadas, tecer así unha parte non pequena das súas historias.

Doutra banda, é tamén un lugar común o salientar a imaxinación desbordante, a asombrosa capacidade inventiva do escritor, que nun alarde de portentosa capacidade discreditor era quen de dar vida a fantásticos personaxes tirados do seu felicísimo maxín.

Non vou ser eu quen negue ningunha das dúas afirmacións anteriores. É máis, estou convencido de que son veraces. Mais, nas liñas que seguen, intentarei demostrar que non todo o que en Cunqueiro hai de literatura galega de tradición oral (LGTO) chegou a este a través do coñecemento directo desa oralidade e que, sendo a imaxinación do autor verdadeiramente prodixiosa, en moitas ocasións, a realidade extraordinaria das xentes do val de Mondoñedo que tan de preto coñeceu anulan o suposto carácter fantástico de moitas das súas prosas.

Pretendo, polo tanto, evidenciar que Cunqueiro foi o máis destacado autor literario da que chamo Escola Etnográfica Mindoniense e que, na súa escrita máis próxima á LGTO, a influencia do historiador e folclorista Eduardo Lence Santar foi notoria.

CUNQUEIRO E A ESCOLA ETNOGRÁFICA MINDONIENSE

Na antiga cidade bispal de Mondoñedo, hai constancia secular do estudo e análise da LGTO¹. Os grandes escritores mindonienses do pasado sempre tiveron

1 Pode lerse unha presentación máis exhaustiva deste tema nos meus textos «A Escola Etnográfica Mindoniense» en Eduardo Lence Santar, *Etnografía Mindoniense*, Santiago, Follas Novas, 2000, 16-19 e máis «A modo de soarego: do grupo “Chaira” e a Escola Etnográfica Mindoniense», en AA. VV., *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*, Lugo, Deputación Provincial, 2004, pp. 11-15.

presente este feraz acervo popular, o que é doadamente comprobable no labor que, como colectores, desenvolveron pioneiros como Manuel Leiras Pulpeiro ou Antonio Noriega Varela, con traballos compilatorios de natureza etnográfica, paremiolóxica, literaria popular e lingüística hoxe referenciais. Abonde lembrar que, ao primeiro, debemos unha importante colección de refráns aparecidos en 1893 na revista coruñesa *Galicia* ou os cantares e adaxios reproducidos en 1913 en diferentes números do *Boletín da Real Academia Galega*. Do segundo, son cantares populares e adiviñas da bisbarra mindoniense publicados tamén *Boletín da Real Academia Galega* en 1912, amais de noutras publicacións galegas do momento, como as revistas *Nós*, *Vida Gallega* ou o xornal *O gaiteiro de Lugo*, salientado, sobre todo, as súas monografías *A Virxen y-a paisanaxe. 100 cantigas populares* (1914) e *Como falan os brañegos* (1928).

Pois ben, no primeiro terzo do pasado século e ao longo de boa parte dos anos de posguerra, a figura máis destacada da Escola Etnográfica Mindoniense foi, sen dúbida, Eduardo Lence-Santar e Guitián, por máis que non poidan deixar de amentarse aquí tamén, sequera de pasada, algúns meritorios traballos realizados por Raimundo Aguiar en 1932 para a revista de Cunqueiro *Galiza* ou, xa tras a Guerra Civil, polo poeta Aquilino Iglesia Alvariño, quen en 1947 daba a coñecer unha interesante aproximación aos usos e costumes populares na súa parroquia natal abadinense de San Xoán de Seivane de Vilarente.

Moitos e de moi variado xorne foron os traballos etnográficos que publicou Lence-Santar ao longo de máis de medio século de intenso quefacer. Estudoso da cultura espiritual e material de toda a comarca mindoniense, nos seus artigos e opúsculos, figura recollido o máis extenso mostrario de conxunto que continúa apólogos, cantigas, contos, lendas, romances, adiviñas, sentenzas e refráns das terras de Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Cospeito, Foz, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, Vilalba, Viveiro ou Xove. Na actualidade, moitas destas contribucións figuran recollidas no volume *Etnografía mindoniense* (2000), onde se reúnen o medio cento longo de artigos que sobre da materia publicara Lence-Santar no xornal *El Compostelano* entre o 12 de xaneiro de 1938 e o 27 de agosto de 1941.

Dese herdo bibliográfico de recolleitas e ensaios, bebeu directamente Cunqueiro para a súa (re)escrita literaria de ficción, como tamén o fixeron logo del Isaac Ferreira, Manuel Lourenzo, Xesús Pisón, Félix Villares Mouteira ou os inte-

grantes do grupo «Chaira» (nomeadamente Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba).

Así pois, cómpre agora lembrar, aínda que sexa en apertada síntese, a familiaridade no trato de Lence e Cunqueiro, xa que este estreito coñecemento dos traballos do primeiro que tiña o segundo explican, en boa medida, o seu influxo na narrativa de Cunqueiro.

O BARBADO LENCE E O MOZO ÁLVARO

No Mondoñedo dos primeiros anos 30, era frecuente ver xuntas a dúas figuras por talante e por presenza absolutamente antitéticas: Lence Santar, cronista oficial da cidade desde 1917, historiador autodidacta que se intitulaba de sobranceiro avoengo e lucía longas barbas e chapeu de distinción señorial e Cunqueiro, para todos entón o mozo Alvarito, fillo do boticario don Joaquín, rapaz de xenio burbullante, versado nas máis fascinantes aventuras vangardistas e ilusionista da verba ceiba².

Sendo, como eran, espíritos tan encontrados, foi asombrosa a súa complementariedade e son numerosos os escritos nos que Cunqueiro lembra e cita a Lence, de quen demostra coñecer moi ben os seus traballos históricos e etnográficos³.

Outros autores amigos de ambos os dous teñen testemuñado en diversas ocasións a relación de amor-odio que os unía (así, Xosé Trapero Pardo ou Ánxel Fole). Do que non cabe dúbida ningunha é de que, cando Cunqueiro dá forma á súa narrativa galega de posguerra, o seu coñecemento da produción historiográfica e etnográfica de Lence é exhaustivo. Non é de estrañar, pois, que este saber mediato que vía Lence que Cunqueiro tiña de todas as paisaxes e dos paisanos mindonienses acabase por transparentar na súa prosa de ficción.

2 Imprescindible para o coñecemento desta relación é o capítulo que lle dedica o biógrafo de Cunqueiro Francisco Xosé Armesto Faginas: «Lence Santar, o seu predecesor como cronista», en *Cunqueiro. Unha biografía*, Vigo, Xerais, 1991², pp. 191-195.

3 Poño por caso, os titulados «El epitafio de don Vasco», *La Noche*, 3-11-1959; «La muerte vino por el cronista», *La Noche*, 21-1-1960 ou «Sombrero de seda pero en ayunas», *Arriba*, 25-4-1976.

LENCE EN CUNQUEIRO: A PLASMAFÉRESE ETNOGRÁFICO-LITERARIA

A influencia que a obra de Lence exerceu sobre a de Cunqueiro é unha sorte de plasmáfereze etnográfico-literaria; isto é: unha transposición discursiva. En Lence, está o substrato etnográfico, a cultura inmaterial ou espiritual que despois modela ficcionalmente Cunqueiro. Deste xeito, o que en Lence é relato histórico e/ou etnográfico, o que é rigorosísimo ensaio documental, en Cunqueiro metamorfosea a través dunha osmose xenérica en narración, conto ou crónica xornalística de autor, en xornalismo literario.

Dito doutro xeito: Lence fornece a materia prima preficcional e Cunqueiro opera sobre dela un proceso de reliteraturización estilística que libera da ganga e escoura o mineral valioso, a xema discursiva e creativa que nesa materia informe inicial xacía.

Na obra de Cunqueiro esta plasmáfereze, esta depuración anovadora do sangue textual, é detectable en diversos xéneros, pero faise máis perceptible nos seus libros de retratos ou *semblanzas* (especialmente en *Escola de menciñeiros*, 1960) e en certa articulística.

Véxase como presenta Lence un menciñeiro das terras de Mondoñedo:

Celeirote era menciñeiro d'o gado e d'a xente; tiña zona en moitas légoas ô redor, e gustáball'e máis traballar co-a xente [...] Tod'a cencia d'o Celeirote adeprendeuna iste n-un libro d'o sigro xvii, que foi d'o Mosteiro de Meira e que o Celeirote amosab'algús amigos, ôs cales, y-a demáis xente, decía que no-o daba por tres mil reás⁴.

Nese mesmo artigo, Lence dá razón tamén de Teixidal de Trabada, Rafael de Bazar, Basanta de Vilaronte, Farruco das Lamas, Ramón do Seixo, Teixeira de Curros e Zacarías de Romariz, dicindo deste último que «cura con meiciñas qu'íl fai e con palabras».

Se agora se compara o anterior coa caracterización que fai Cunqueiro dos dez personaxes que protagonizan *Escola de menciñeiros*, entenderase ben o paralelismo. Pénsese, senón en Perrón de Braña (que tamén utilizaba oracións para curar os males, como Zacarías de Romariz), Borrallo de Lagoa, Xil da Ribeira, Lamas

4 Eduardo Lence Santar: «Os médicos y os manciñeiros», *El Compostelano*, 4-7-1939 e *Mondoñedo*, 1942, logo recollido en *Etnografía mindoniense*, pp. 68-71.

Vello, O coxo de Entrebo, Pardo das Pontes (compostor consumado, exactamente igual que Teixeira de Curros), Silva da Posta, O señor Cordal, Cabo de Lonxe e O Licho de Vilamor.

É máis, hai prosas de Lence que, pola súa capacidade evocadora e o emprego de recursos humorísticos, parecen estar na base doutras de Cunqueiro sobradamente coñecidas. Enfrontemos dúas delas para exemplificar esta afirmación.

Caravella

Fai anos, aló pol-o 1868, había no Valadouro un mozo chamado Caravella.

Caravella fora estudante n-o Seminario de Mondañedo e tiña sona de parrafeador e sabido.

Como era fillo de labregos, nado e criado n-o Valadouro, falaba un gallego enxebre, agás cando se trataba de señoría, qu'entón botaba mau d'ó castellano, inda que decía tales cousas, que facían escachular co-a risa.

Un día unha señorita d'a vila de Ferreira, díxolle que ela ben sabía que tiña moza; e Caravella contestou moy tesó:

Dicen acaso que tan solamente dicen tan sólo que en esta ocasión, mi persona se halla tan sólida, como un santo en una casulla⁵.

O Licho de Vilamor

Soupen do Licho de Vilamor polo abó dun compañeiro meu de escola, que era vello reloxeiro e tiña unha caixa de música que moito gostaba eu de ouvir [...] [Como menciñeiro, dedicábase, entre outras cousas, a sacar moas].

Que facía para tiralas moas sin dór, eu non o sei. Unha vez, un tío abó de meu, don Serxio Moirón, contoume que il conocera ó Licho.

—¡Aínda pasóu con el na casa nosa unha chistada!

5 Eduardo Lence Santar: «Caravella», *El Compostelano*, 23-11-1939 (logo en *Etnografía mindoniense*, p. 111).

E a chistada foi que unha tía miña, Elisa [...] tiña unha moa averiada e doíalle i hastra tiña algo de flemón. E como era sábado e mercado nas Rodrigas de Riotorto, i estaba o Licho no seu traballo, fórono buscar para que lle quitase a moa a miña tía [...] E a miña tía cando veu entrar por portas a aquel home tan grande, coaquela blusa moura, o colar ó pescozo e nas máns as ferramentas, vai a rapaciña i esmaiouse. O Licho botou unha grande risada, e volvéndose para meu bisabó, o escribano Moirón de Bretoña, que gromia haxa, namentres lle tocaba coas tenazas na barriga, comentou palaciano gracioso:

—¡Ja, ja, ja! ¡Todas istas señoritas son un fato de putas!

É todo o que sei do Licho de Vilamor⁶.

Mais o influxo de Lence non só é visible nos retratos de tipos do país, senón que tamén moitos artigos revelan esta ascendencia, principalmente aqueles de cariz etnográfico ou histórico e radicación mindoniense. Así acontece, por citar tan só algunhas mostras, con «El hestafermo, la hestantigua y el tanguero»⁷, onde o groso dos datos que reelabora Cunqueiro proveñen de «O tanguero»⁸, un artigo publicado por Lence moitos anos antes. E tamén acontece isto con «Presencia del lobo»⁹, no que se repite o esencial do apuntado en «Nosos Señor y-o Lobo» e «O lobo e mail-o home»¹⁰, ou en «Las fábulas y las moscas»¹¹, que reescribe o xa contado en «O reparto d'as moscas e d'as pulgas»¹².

E o que sinalo para os artigos de natureza etnográfica é tamén observable naqueloutros sobre historia mindoniense, nos que adoito para Cunqueiro a fonte documental é Lence, como acontece, por citar só un par de exemplos, cando fala de personaxes célebres do pasado da cidade norlucense (así en «Noticias de Seijas

6 Álvaro Cunqueiro: «O Licho de Vilamor», *Escola de menciñeiros*, en *Obra en galego completa. Semblanzas. III*, Vigo, Galaxia, 1983, pp. 101-102.

7 Álvaro Cunqueiro: «El hestafermo, la hestantigua y el tanguero», *El Progreso*, 10-3-1957.

8 Eduardo Lence Santar: «O tanguero», *El Compostelano*, 30-3-1938 (despois en *Etnografía Mindoniense*, pp. 41-42).

9 Álvaro Cunqueiro: «Presencia del lobo», *El Progreso*, 9-12-1958.

10 Eduardo Lence Santar: «Nosos Señor y-o Lobo», *El Compostelano*, 8-4-1938 (logo en *Etnografía Mindoniense*, p. 46) e «O lobo e mail-o home», *El Compostelano*, 15-1-1940 (recollido en *Etnografía Mindoniense*, pp. 41-42).

11 Álvaro Cunqueiro: «Las fábulas y las moscas», *La Voz de Galicia*, 17-6-1956.

12 Eduardo Lence Santar: «O reparto d'as moscas e d'as pulgas», *El Compostelano*, 26-10-1938 (incluído en *Etnografía Mindoniense*, pp. 55-56).

Lobera»¹³, informado a través de «Mindonienses ilustres. D. Francisco de Seyxas y Lovera, Capitán de mar y guerra de la Armada Real del Océano»¹⁴) ou nos abondosos textos sobre As San Lucas¹⁵.

CODA

Que Cunqueiro era un xenio da palabra nin se cuestiona. Que a súa obra tería brillado por igual sen o concurso do coñecemento da obra de Lence, tampouco. Mais dáse a circunstancia, como intentei explicar, que o labor esforzado e puntilloso daquel historiador e etnógrafo formado así mesmo que foi Lence serviu de base documental ou inspiradora para diferentes textos narrativos e xornalísticos de Cunqueiro. Está claro que no autor de *Escola de menciñeiros* hai moitas e moi diversas fontes desde as que literaturiza, mais estou persuadido de que a referencia lectora dos escritos de Lence é unha delas, e non a menor.

Lence foi, antes nada, un estudoso do dato, obsesionado pola precisión e o rigor das informacións, así que, ao apuntar esta filiación en Cunqueiro, non pretendo restar fulgor á marabilla que é a catedral literaria erguida por este, entre outras cousas porque as súas obras son disímiles e as calidades moi dispares tamén. Coincidían ambos os dous, iso si, no seu incondicional amor por todo o mindoniense. E é nese punto onde as traxectorias destes dous fillos predilectos e orgullosos cronistas da súa cidade cruzaron as súas luces para alumaren o ceo da escrita con palabras arroladas no antigo Val de Brea que aínda resoan entre nós e seguirán a facelo moito máis de mil anos.

13 Álvaro Cunqueiro: «Noticias de Seijas Lobera», *El Progreso*, 26-5-1957.

14 Eduardo Lence Santar: «Mindonienses ilustres. D. Francisco de Seyxas y Lovera, Capitán de mar y guerra de la Armada Real del Océano», *Mondoñedo*, 7-6-1953 e, novamente, no número da mesma cabeceira correspondente ao 14-9-1958.

15 Sobre este tema escribiu Lence multitude de páxinas, algunhas xa inseridas en *Del Obispado de Mondoñedo*, Mondoñedo, Imp. César González-Seco Romero, 3 vols. 1911-1915 e logo reproducidas, con variacións e engadidos, en moitos outros lugares. Tamén tivo especial querenza Cunqueiro polas Festas e Feiras das San Lucas, das que foi cronista puntual en numerosas ocasións. Varios artigos desta temática poden lerse no meu traballo «Álvaro Cunqueiro na revista *Galiza* e outros escritos mindonienses», en AA. VV., *Día das Letras Galegas. Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Santiago de Compostela, Universidade, 1991, pp. 41-69.

